

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 21/10/1977

Colección:

Data: 21/10/1977

De:

Celestino Fernández de la Vega;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Asuntos particulares;

Mencionados:

Domingo García-Sabell; María Luisa Maceda; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 21/10/1977

Lugo, 21-X-77

Querido Luis:

Onte entereime polo xornal da túa operación de próstata. Como estás en boas mans e coma esa doencia é cousa que, mais tarde ou mais cedo, chéganos a todos sin que a sua operación seña dificultosa, agardo que non tardarás en te recuperar.

De volta de Vigo, o día 15, estiven na túa fermosa exposición. Ven ser unha antoloxía da tua derradeira obra onde se ve moi ben a evolución depuradora a partir do cadro de García Sabell: un proceso de desprendemento de materia, de logro de limpa luminosidade con función plástica, unha senlleira axilidade expresiva con un grafismo personalísimo en ritmos e composicións. Todo en toda unha obra madurecida, un froito maduro de unha semente nutrida pola nosa terra e anegrecida por unha experiencia da pintura do noso tempo. Os grabados son verdadeiramente extraordinarios e orixinalísimos. Coido que a visión conxunta da tua obra é un acontecemento cultural e un argumento irrefutable pos que din que os galegos non temos grandes pintores. Esa é a miña opinión de simple home curioso e profano, pro canso de ver camelos consumistas.

¡Noraboa!

De seguro que antes de saír pra Buenos Aires teremos ocasión de nos ver.

Co noso desexo de que te recuperes axiña, recibe nostra mais garimosa aperta, coa tua dona de

Celestino e María Luisa

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.